

Cheto Rico Prieto traballador de ASFEDRO (Asociación Ferrolana de Drogodependencias) foi **despedido** no mes de setembro de 2011 argumentando motivos económicos; o despido foi demandado e a sentenza xudicial ditaminou a improcedencia do mesmo obrigando a ASFEDRO á readmisión do traballador. Dous días despois de ser readmitido, foi novamente despedido (4 abril 2012).

Hoxe, como acción



de protesta e denuncia de todos os feitos acaecidos ata hoxe comezou unha **folga de fame indefinida** e unha **acampada** diante do Edificio Administrativo da Xunta de Galiza en Ferrol. Desde **CIG Saúde** amosamos a nosa máxima solidariedade co traballador.

Nota Informativa para a cidadanía

En meses anteriores celebráronse dous xuízos por despedimento de dous profesionais traballadoras/es de ASFEDRO. En ambos casos as sentenzas dictaminaron a improcedencia dos despedimentos. Estes dous profesionais foron readmitidos, unha profesional continúa a día de hoxe en ASFEDRO e curiosamente o outro profesional que foi readmitido o 2 de abril e despedido novamente con data do día 4 de abril.

A CIG denunciámos os despedimentos fai meses e hoxe novamente voltamos a mobilizarnos para reivindicar, informar e denunciar estes feitos. É o noso desexo dar a coñecer á sociedade: A Xunta Directiva argumenta repetidamente que trata de fomentar e potenciar a prevención en drogodependencias, mais non sabemos que se fixo estes últimos 3 anos, pois estes traballadores/as despedidas/os non tiveron practicamente ningunha tarefa, sufrindo actos hostís por parte da Xunta Directiva como represalia as súas lexítimas demandas, solicitando una maior transparencia nas contas da entidade, no emprego do diñeiro publico e de respecto dos seus dereitos profesionais e laborais. Parece claro, que a Xunta Directiva de Asfedro non está polo labor de corrixir as liñas de actuación que está a desenvolver, respecto a este **despedimento que non se sustenta no recorte de orzamentos...**

Esiximos e debemos velar pola transparencia na xestión dunha entidade que presta servizos sociosanitarios con cartos públicos, que debería cumprir escrupulosamente coas súas propias normas estatutarias, co gallo de democratizar as decisións da asociación a través da participación asamblearia dos seus socios e socias; xestionando as situacións conflictivas e evitando o gasto de cartos públicos, en asesoramento xurídico, para despedimentos que respontan a políticas represivas e non a motivos económicos.

Unha vez máis, pedimos a aclaración destas cuestión esixindo a obrigada transparencia na xestión da entidade a nivel de servizos e investimento de cartos públicos, coa publicidade debida -dunha necesaria Auditoría- aos entes públicos que subvencionan a entidade e a tódolos socios e socias da mesma.



Por todo o anteriormente reflectido.... nos facemos e lles facemos unha serie de preguntas á cidadanía:

Coñece vostede o que está a acontecer con algún/algunha dos/as traballadoras/es de ASFEDRO?

Sabe vostede, que os motivos económicos non son a razón pola que se producen os despedimentos?

Ten vostede, como cidadán, información do uso que se fai dos cartos (máis de 1.000.000 €anuais) que a entidade recibe de fondos públicos?

Sabe vostede si a calidade dos servizos prestados, pola entidade, se veu mermada e si esta merma, estivo fundamentada polos recortes ou pola mala xestión e falla de profesionalidade?

Sabe vostede que as actividades, que realizaban as dúas persoas, que foron obxecto de despido estaban subcontratadas a unha empresa privada (SERVISOL)? E a merma que poido sufrir a calidade do servizo por este motivo? Sabe si a subcontratación coa empresa privada segue existindo a día de hoxe?

Sabe vostede que experiencia e titulacións profesionais se esixen nesta empresa privada? Sabe que experiencia ten esta empresa privada en prevención e tratamento das drogodependencias? Sabe si teñen máis experiencia que o profesional despedido con 24 anos de traballo en ASFEDRO?

Sabe vostede que entre traballadores hai unha diferenza de salarios de hasta 25.000 €?